

The background of the image features several office supplies: a large yellow sticky note at the top left, a green sticky note at the top right, a large orange sticky note in the center, a light green sticky note on the left, and a yellow sticky note at the bottom. Three paper clips are scattered around: a teal one at the top left, a blue one in the middle left, and a teal one at the bottom left. The text is centered within a green speech bubble with a white dashed border.

AXUDAS
PROGRAMA DE POSTA A PUNTO
PARA O EMPREGO PARA PERSOAS
PERCEPTORAS DA RISGA

Convocatoria 2020

XUNTA DE GALICIA

Páxina 2	NORMATIVA REGULADORA FINALIDADE ENTIDADES BENEFICIARIAS
Páxina 3	CONTIDO DO PROGRAMA DE POSTA A PUNTO PARA O EMPREGO GASTOS SUBVENCIONABLES
Páxina 4	CONTÍAS PAGAMENTO ANTICIPADO PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN EXECUCIÓN
Páxina 5	CRITERIOS DE VALORACIÓN
Páxina 6	XUSTIFICACIÓN FINANCIAMENTO

IMPORTANTE:

**A información que se ofrece neste documento é un resumo
que non substitúe a orde de bases reguladoras.**

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a realización dun programa de posta a punto para o emprego, dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), se procede á súa convocatoria plurianual (2020 - 2022) (DOG núm. 16, do 24.01.2020).

FINALIDADE

Subvencionar a entidades sen ánimo de lucro para a realización dun programa de posta a punto para o emprego, dirixido a persoas en situación ou risco de exclusión social dotándoas das motivacións, habilidades, competencias e capacidades que require o tecido empresarial, de xeito que a través da inserción laboral se poida revertir a súa situación de exclusión social.

ENTIDADES BENEFICIARIAS

Entidades sen ánimo de lucro que na data de publicación desta convocatoria cumpran as seguintes condicións:

- a) Ter recollido como **finalidade** nos seus estatutos a **inserción ou inclusión sociolaboral de colectivos en situación ou risco de exclusión social**, ou estar de **alta na área de inclusión do Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)**.
- b) Ter desenvolvido, como mínimo durante **tres anos, programas dirixidos especificamente á inclusión sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión**, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
Teranse en conta os programas finalizados nos últimos cinco anos naturais anteriores ao da publicación da convocatoria, e só se computarán aqueles nos que se traballase cun mínimo de 10 persoas.
- c) **Estar ao día no cumprimento das súas obrigas rexistras.**

CONTIDO DO PROGRAMA DE POSTA A PUNTO PARA O EMPREGO

Debe contemplar as seguintes fases:

- Información e acollida.
- Diagnóstico da situación persoal, familiar e social.
- Elaboración dun itinerario personalizado de inserción sociolaboral.
- Implantación do itinerario:
 - Orientación sociolaboral.
 - Formación ocupacional.
 - Mellora da cualificación profesional: formación prelaboral e laboral.
 - Prospección do mercado laboral.
 - Ferramentas para a procura activa de emprego.
- Seguimento, durante o seu desenvolvemento e con carácter posterior á súa finalización.

Cada programa dirixirase a un mínimo de 50 e un máximo de 100 persoas.

Cada persoa participante deberá asinar un documento de compromiso de participación no programa, así como a conformidade cun informe final no que se recollan as actuacións realizadas e os obxectivos conseguidos.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Aqueles gastos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada. En particular:

- **os gastos de persoal**, incluídas as axudas de custo e de desprazamento, referidos ás persoas integrantes do **equipo técnico do programa**, na porcentaxe correspondente á súa imputación a este;
- os custos da **formación específica** adaptada ás persoas participantes;
- os gastos de **materiais e equipamento** necesarios para a execución das actividades;
- as bolsas para **axudas de custo e desprazamento** das persoas participantes;
- o custo do **informe sobre a conta xustificativa** elaborado por un auditor de contas, detallando unha relación verificada dos gastos realizados e a súa imputación ao programa.
- **os gastos administrativos e de xestión** asociados á execución do programa. Pódese imputar ata un máximo do 10 % do orzamento total do programa sen necesidade de xustificación documental.

CONTÍA

Outorgarase unha axuda de 6.000,00€ por cada persoa participante no programa segundo o proxecto presentado coa solicitude.

Para o pagamento da axuda, teranse en conta as persoas que completasen a súa participación no programa.

PAGAMENTO ANTICIPADO

Poderanse realizar pagamentos anticipados, nas seguintes porcentaxes:

- Primeira anualidade: ata o 100% da subvención concedida.
- Segunda anualidade: ata o 90% da subvención concedida.
- Terceira anualidade: ata o 80% da subvención concedida.

Para o seu cobro non será necesario constituír garantías.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Dous meses desde o día seguinte ao da publicación da orde no DOG

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

O órgano instrutor competente dos expedientes é a Subdirección Xeral de Economía Social.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes das subvencións é a Secretaría Xeral de Emprego.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concurrencia competitiva

EXECUCIÓN

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Desde a data da notificación da resolución da axuda ata o 30/09/2022

CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes presentadas avaliaranse ata un máximo de 100 puntos, segundo os seguintes criterios:

1. Criterios referidos á entidade solicitante:

- a) **Experiencia en execución de programas de inserción laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social en Galicia**, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria, ata 10 puntos.
- b) Só se terán en conta aqueles programas nos que se traballase cun mínimo de 10 persoas.
- c) **Número de persoas técnicas do cadro de persoal da entidade nos centros de traballo de Galicia**, 1 punto por cada traballador/a ata un máximo de 10 puntos.
Considéranse persoas técnicas as que ocupen postos dos perfís sinalados no artigo 7.8.
Terase en conta a media dos últimos 12 meses.
- d) **Porcentaxe de persoas traballadoras fixas nos centros de traballo de Galicia**, ata 5 puntos.
- e) **Proporción de homes e mulleres que traballan nos centros de traballo da entidade en Galicia**, ata 5 puntos.

2. Criterios referidos ao programa de posta a punto para o emprego:

- a) **Contido do programa:**
 - Diagnóstico social: ata 10 puntos.
 - Metodoloxía empregada: ata 10 puntos.
 - Calidade técnica global do programa: ata 10 puntos.
- b) **Obxectivos de inserción laboral** previstos co programa: ata 15 puntos.
- c) **Equipo de traballo:** ata 10 puntos, segundo a ratio entre o equipo e o número de participantes, a dedicación do equipo de traballo e a multidisciplinariedade dos perfís profesionais.
- d) **Traballo en rede** ata 10 puntos, segundo os acordos presentados.
- e) **Orientación do programa a algún dos sectores estratéxicos** definidos no anexo VI da Orde: ata 5 puntos.

Non resultarán subvencionadas as solicitudes que obteñan menos de 15 puntos no apartado 2. a) ou menos de 50 puntos en total.

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación que se exige na resolución de concesión, xustificando o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos percibidos.

DATAS MÁXIMAS DE XUSTIFICACIÓN

No caso de que non se aproben pagamentos anticipados:

- **o 15 de decembro de 2020** para a xustificación da **anualidade 2020**.
- **o 15 de decembro de 2021** para a xustificación da **anualidade 2021**.
- **o 31 de outubro de 2022** para a xustificación da **anualidade 2022**.

No caso de que se soliciten e aproben pagamentos anticipados:

- **o 15 de febreiro de 2021** para a xustificación da **anualidade 2020**.
- **o 15 de febreiro de 2022** para a xustificación da **anualidade 2021**.
- **o 31 de outubro de 2022** para a xustificación da **anualidade 2022**.

FINANCIAMENTO

Esta convocatoria está dotada con 3.000.000 euros, financiados con fondos finalistas do Estado con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. A distribución inicial de créditos por anualidades é:

- 2020: 1.200.000,00 €
- 2021: 1.500.000,00 €
- 2022: 300.000,00 €

Máis información:
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Secretaría Xeral de Emprego

Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 544 682

ceei.xunta.gal
economiasocial.emprego@xunta.gal

eusumo.gal
info@eusumo.gal

